



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

WEB: [www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios)

E-Mail: [ceip.serra.vincios@edu.xunta.gal](mailto:ceip.serra.vincios@edu.xunta.gal)

**CEIP SERRA-VINCICIOS**

A Serra s/n - Vincios

36316 GONDOMAR (Pontevedra)



886 120 042



## AUTORIZACIÓN PUBLICACIÓN IMAXE DO ALUMNO/A

D./Dna. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, na miña condición

de representante legal do alumno/a: \_\_\_\_\_,

**AUTORIZO** ao CEIP Serra Vincios ao tratamento da imaxe e das gravacións de vídeo e audio do alumno/a en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo Colexio e polos responsables e autoridades educativas, así como na páxina web ou blogs do centro ou institucionais, na revista escolar e en medios de comunicación **durante toda a súa etapa educativa no Centro.**

Ademais das actividades promovidas pola administración educativa ás que se refire o parágrafo anterior, autorízase o tratamento da imaxe e das gravacións de vídeo e audio para actividades de divulgación educativa como proxectos, memorias e documentos e material gráfico impreso como carteis, folletos e manuais.

Tamén autorizo o tratamento da imaxe e das gravacións de vídeo e audio do menor en contornas, aplicacións ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube, redes sociais, ou servizos de mensaxería que utiliza o Centro, tales como Kizoa, YouTube, Google Drive, Vimeo, Issuu, podcast, etc., e autorizo á posible transferencia de datos, derivada do seu uso, aos diferentes servidores.

Autorizo a elaboración por parte do Centro de montaxes multimedia de CDs/USBs recopilatorios de actividades realizadas polo meu fillo/a (durante os diferentes cursos escolares) e posterior cesión ás familias do alumnado, eximindo ao Centro de calquera uso inadecuado, frutuoso e/ou ilícito realizado por terceiras persoas.

Informámoslle que o centro educativo utilizará ditas imaxes e gravacións de vídeo e audio para fins estritamente pedagóxicos e de difusión do Centro e do seu Proxecto Educativo, podendo terceiros distintos do propio Centro ter acceso a ditas imaxes e gravacións. O Centro comprométese a que a utilización destas imaxes e gravacións en ningún caso suporá un dano á honra e intimidade do menor, nin será contraria aos intereses dos menores, respectando a normativa en materia de protección de datos, imaxe e protección xurídica do menor.

Tamén se lle informa de que outras familias ou terceiras persoas poderán realizarlle fotos e gravacións de vídeo e audio onde apareza a imaxe e a voz do seu fillo/a nas diferentes actividades escolares e extraescolares (talleres, aniversarios,...), eventos ou festivais de portas abertas organizados polo Centro, eximindo a este de calquera uso inadecuado, frutuoso e/ou ilícito realizado por terceiros.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da **posibilidade de revogación deste consentimento** en calquera momento da escolaridade do meu fillo/a mediante escrito dirixido á dirección do Centro, tendo tamén a posibilidade de presentar reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

E para que así conste firmo a autorización en

Vincios, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo:.....